Concello de Vigo

Dª. OLGA ALONSO SUÁREZ, CONCELLEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE VIGO

C E R T I F I C O: Que a Xunta de Goberno Local, na sesión **extraordinaria e urxente do 21 de decembro de 2017**, adoptou o seguinte acordo:

3.- CLASIFICACIÓN DE OFERTAS PARA A CONTRATACIÓN DAS OBRAS DE CUBRICIÓN DO PATIO DO COLEXIO CARBALLAL. EXPTE. 4859/440.

Dáse conta da proposta asinada con data 21/12/17 pola secretaria da Mesa de Contratación, que di o seguinte:

A Mesa de Contratación do Concello de Vigo, na súa sesión de data 21 de decembro de 2017, realizou entre outras, as seguintes actuacións:

10.- Propostas de clasificación

a) Procedemento aberto para a contratación das obras de cubrición do patio do Colexio Carballal (4.859-440)

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación e dos informes de valoración das proposicións presentadas, por unanimidade dos asistentes, proponse á Xunta de Goberno local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2ª TRLCSP), a adopción do seguinte acordo:

"Primeiro.- Excluír deste procedemento aos seguintes licitadores, por conter as súas ofertas valores anormais ou desproporcionados, porque non se cumpren os requisitos para consideralas xustificadas consonte o informe do enxeñeiro municipal de data 15 de decembro de 2017:

1. CONSTRUCCIONES CASTRO FIGUEIRO, S.L.U.

Segundo.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas no procedemento aberto para a contratación das obras de cubrición do patio do Colexio Carballal (4.859-440)na seguinte orde descendente:

	Empresas	Puntuación
1	ORECO, S.A.	97,76
2	PRACE, SERVICIOS Y OBRAS, S.A.	96,02
3	CONSTRUCCIONES ABAL, S.A.	89,28
4	AN ROD LATEM, S.L.	80,84

Terceiro.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, ORECO, S.A., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 21 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).

ASINADO POR: Secretaria Do Goberno Local (M Concepción Campos Acuña) 2017-12-21T12:40:39+01:00 -

Documento asinado

3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 22 do prego de cláusulas administrativas particulares.

Cuarto.- Requirir ao citado licitador o aboamento de 999,02 euros en concepto de custos dos anuncios de licitación".

Acordo
A Xunta de Goberno local aproba a precedente proposta.

E para que así conste e produza os seus efectos, emito a presente certificación coa salvedade do artigo 206 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, de orde do Excmo. Alcalde, en Vigo a data da sinatura dixital.

CCA/me

V. e Pr.
O ALCALDE,
Abel Caballero Álvarez.

ASINADO POR: Secretaria Do Goberno Local (M Concepción Campos Acuña) 2017-12-21T12:40:39+01:00 -

Documento asinado